



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2023000005809
Referencia: BINV-EA/2023

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023 – ÁREA DE ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 30190, do 1 de agosto de 2023, aprobouse a adjudicación provisional das Bolsas investigación 2023, na área de enxeñería e arquitectura e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fose o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentouse a seguinte desistencia:

*** Blanca Fernández Amado**

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a desistencia da solicitude presentada por Blanca Fernández Amado.

Segundo.- Realizar as operacións contables necesarias, anulando os documentos contables por importe de 20.000 € e deixando o crédito dispoñible na aplicación 0612/3262/481.

Documento contable: A/
Número de documento contable:220230007627
Importe: 10.000€

Documento contable: RC/
Número de documento contable:220230004776
Importe: 10.000€

Terceiro.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.